TEMA 3. CLAVES PARA MELLORAR A REDACCIÓN NA WEB

Introdución

Neste tema presentaremos diferentes claves para a mellora da lexibilidade dos nosos textos na web. Para isto partimos de diferentes exemplos de usos non recomendados nos textos web como o da dobre negación.

Por que non debemos entón usar a dobre negación? Pois porque dificulta a comprensión facéndoa **máis complexa do necesario**. Sabemos que na redacción polo xeral e na web de xeito particular todo o que **simplifique e facilite** será apreciado pola comunidade lectora en xeral e polo noso alumnado en particular.

A web, na actualidade, pasa a ser para nós un medio natural de comunicación: blogues, correos ou wikis. A **introdución do texto web nas aulas** obríganos a familiarizármonos con estándares de calidade que poderemos explicar ao noso alumnado.

A lexibilidade na web

A web presenta múltiples xeitos de comunicación, tales como vídeo, imaxe, etc. Pero é máis que evidente que a maior parte do tempo que pasamos na web **dedicámolo a ler**. É por iso que presentar textos optimizados para a lectura é esencial.

Un **texto lexible** é un texto cunha **boa presenza en pantalla** que ademais poida ser lido con **facilidade, rapidez e óptima comprensión**. A continuación presentaremos algúns dos elementos centrais para conseguir este obxectivo.

A lexibilidade do texto xoga un rol moi importante na usabilidade dun sitio web, posto que incide directamente no xeito en que as persoas usuarias procesan a información. Unha

boa lexibilidade permite **absorber a información que se presenta.** Os factores que afectan á lexibilidade son os que conforman a estrutura do texto:

- Xerarquía
- Contraste
- Interliñado
- Espazo entre letras e tipografías
- Lonxitude da liña
- Uso ocasional da letra negra ou grosa

A xerarquía

Consiste en traballar a **diferenciación dos distintos bloques de texto**. Os cambios na tipografía poden axudarnos a organizar o contido de acordo coa súa relevancia. Tanto os títulos como os subtítulos ou o corpo de texto poderían levar **diferentes tamaños ou tipografías**.

A tipografía Verdana é das máis empregadas nos textos web.

Deste xeito marcamos os bloques de contido para que a persoa lectora identifique o desenvolvemento dos contidos dos títulos ou subtítulos, por exemplo. Presentaremos así un esquema xerarquizado e ordenado da información que pretendemos transmitir.

Contraste

Un acertado **contraste entre letras e fondo** fará máis lexible o noso texto na web. Cando o contraste entre o fondo e as letras é axeitado será moi sinxelo varrer o texto coa mirada. Pola contra, un mal contraste provocará que a persoa lectora teña que forzar a vista.
Un contraste inadecuado levará ás persoas usuarias a experimentar unha lectura máis lenta e contribuirá a producir unha experiencia desagradable na lectura dos nosos textos á procura de información.

Interliñado

O espazo entre as liñas do texto é un elemento moi importante. Non debe ser **nin moi amplo nin moi estreito**, só deixaremos o espazo necesario para facilitar un bo varrido de texto.

As liñas moi xuntas poderían provocar que a persoa lectora saltase dunha a outra por erro. Se estivesen moi separadas correríamos o risco de facer crer que esas liñas pertencen a parágrafos diferentes. O ideal é utilizar **un interliñado superior ao tamaño de fonte**.

Por exemplo, para unha fonte de 10 píxeles será apropiado utilizar un interliñado de 12 píxeles.

Espazo entre letras e tipografías

Unha **distancia normal entre letras** axuda a unha lectura fluída, por iso debemos ter en conta tamén a presentación das diferentes tipografías en pantalla.

As tipografías veñen por defecto cunha separación entre caracteres lexible.

Ademais, como xa vimos con anterioridade, para o uso en pantalla recoméndase **unha tipografía sen serifa ou sen remate**.
Entre as fontes de tipografías sen remate máis recomendadas atópanse: Arial, Georgia, Times, Verdana ou Courier.

Lonxitude da liña

A cantidade de palabras por liña acostuma a ser inxustamente esquecida á hora de enfrontármonos á redacción para a web, mais temos que ter en conta que **unha liña moi longa dificulta o seguimento da lectura**.

Unha boa lonxitude de liña é a que permite aos ollos da persoa usuaria rematar esta liña e saltar á seguinte de xeito natural. É dicir teremos que ter en conta a lonxitude de liña dos diferentes dispositivos e a adaptación da lonxitude a eles, do contrario, non acadaremos o obxectivo de producir textos atractivos para a súa lectura.



Uso ocasional da letra grosa

O uso ocasional de letra grosa axuda a **visualizar o contido xeral do texto cun só golpe de vista**. Deste xeito a persoa lectora fixará os **conceptos importantes** na lectura e poderá reler as partes que se presentan como destacadas, se así o desexa.

A letra grosa (ou negra, como tamén se denomina) convirte a lectura en pantalla nun **acontecemento máis ameno e cómodo para a nosa vista**.
O texto en pantalla obsérvase como unha masa gris na que é difícil distinguir palabras que poidan ofrecer unha idea do contido do parágrafo. Ao utilizarmos a letra grosa podemos dirixir as olladas aos lugares que nos interesan.

En definitiva, usaremos a letra grosa para facer máis visibles as palabras e ideas clave.

Unha web lexible

Na web, como xa vimos no tema anterior, lemos de xeito diferente ao que lemos en papel. A resolución, a miúdo baixa das pantallas, fai que non percibamos o texto coa mesma claridade que nun medio escrito. Temos que ter en conta entón que a persoa lectora non le textos longos, senón que **recorre a pantalla coa vista.**

Por iso cómpre revisar algunhas das pautas xa sinaladas e introducir novas claves que irán mellorando progresivamente as nosas habilidades de escrita para a web, tales como:

- **Reducir** a lonxitude do texto.
- Introducir unha **idea por parágrafo.**
- **Recortar** todo o posible o noso texto. É axeitado traballar pequenos bloques de texto para fuxir de parágrafos moi extensos que dificulten a lectura.
- Utilizar un **estilo directo.**
- **Evitar** as oracións en **pasiva.**
- **Eliminar as voltas innecesarias** ao redor da mesma idea.
- Recoméndase **non usar as dobres negacións**, como xa temos sinalado, para non complicar innecesariamente o texto.

- **Comezar pola conclusión** e ir desenvolvendo o contido a medida que avancemos.
- Colocar **enlaces** para situar ás persoas usuarias en contexto, con información que apoie os teus contidos.



- Escoller **títulos significativos** para as páxinas, títulos que expliquen do mellor xeito posible o contido da páxina e que o presenten de xeito conciso.
- Utilizar os **encabezados** para establecer unha xerarquía visual clara, de xeito que o máis importante vaia en destacado nos encabezados.
- Presentar **encabezados significativos**, é dicir con frases descritivas para que as persoas lectoras identifiquen se a información que vén a seguir é importante para eles.
- O feito de **resaltar as palabras clave** aínda que xa foi nomeado é un aspecto que debemos coidar. É recomendable poñer a máxima atención no que queremos destacar porque este é un dos elementos esenciais da síntese e do varrido de información.

Como enfrontarnos ao texto web?

Se queremos captar a atención das persoas usuarias da web en teoría **temos 5 segundos**, ou iso é o que sinalan diferentes estudos e publicacións. Cada palabra conta para podermos chegar ao lector e comunicar con eficacia.

Como enfrontarnos entón a esta tarefa?

Pensemos antes de escribir
Debemos definir para quen escribimos, que queremos e como imos explicalo.

Poñámonos no lugar das persoas lectoras
Para que as persoas usuarias lean o texto deberemos usar un ton directo, cordial e próximo. Deberemos tamén ofrecer respostas ás súas inquietudes e motivar o interese con explicacións xeradas paso a paso, explicadas de xeito coloquial.

Démoslle forma ao texto
Un texto que leve un título preciso e claro, con subtítulos informativos e preguntas que impliquen.

Coidemos o idioma
Cada lingua ten os seus matices lingüísticos e a globalidade de internet pode levarnos a utilizar expresións confusas para o noso potencial público. Reparemos nos matices, na claridade das palabras elixidas e na corrección no uso da lingua.

Revisemos e comprobemos
O feito de reler o texto escrito con espírito de mellora ou a utilización de ferramentas de corrección ortográfica e gramatical son pasos que deberiamos seguir para asegurármonos de que o noso texto vai ser comprendido.

Simplificar o texto web

Un dos elementos máis relevantes para acadar unha boa lexibilidade na web é coidar **a claridade do contido**. O uso dunha linguaxe clara e sinxela será unha das claves do éxito da presentación dos nosos textos na rede.

Debemos usar, de xeito preferente, **as palabras e expresións máis comúns**. Sempre que sexa posible convén evitar as metáforas, a xerga técnica ou as palabras con dobre sentido.

A **estrutura das frases** debe ser **simple** e os **bloques de texto** máis ben **curtos**. É

conveniente que sigamos a pauta: **unha idea, un parágrafo**. Tamén é importante ter en conta que os **títulos descritivos** e a **colocación da idea principal ao comezo do parágrafo** axudan a atopar a información con maior rapidez.
Unha das pautas básicas para escribir con claridade é o **uso da voz activa** coa idea de fuxir da voz pasiva. Para isto é moi útil redactar preguntándonos pola persoa responsable da acción.

Coidar a lingua

Unha **axeitada redacción**, a **estrutura gramatical** ou o **manexo do idioma** son aspectos moi importantes cando desexamos comunicar as nosas ideas, contidos ou coñecemento.

A corrección ortográfica outórgalle **un valor engadido ao texto**. De feito, mesmo os blogues informais, que posúen certas liberdades narrativas, son máis lexibles e comprensibles cando os acentos, puntos e comas son ben empregados.

En definitiva, a corrección do texto na web descansa fundamentalmente no seu aspecto gramatical e ortográfico. Ambos aspectos conforman un conxunto de dominio e destreza no idioma que se crea para a web. E na web incrementará de xeito notable esa mellora da comunicación apoiándonos na corrección.

Cando rematemos de elaborar un dos nosos textos, a xeito de repaso da súa corrección, poderiamos fixarnos nestes catro elementos.

- O coidado da **formalidade do texto**
- O coidado da **ortografía**
- **Ter en conta** as persoas lectoras estranxeiras
- Utilizar **ferramentas de corrección**

Eliminar o superfluo

O texto que presentamos na web debe ser **un texto breve e sinxelo**. Un texto curto, xa que a persoa usuaria está apurada porque recibe demasiados incentivos diante da pantalla. Para acadar eses textos breves e sinxelos teremos que **evitar as expresións redundantes e ambiguas**. Tamén teremos que **evitar as repeticións**, substituír frases longas por **construcións sinxelas** e utilizar a **forma positiva** en vez da negativa.

Eliminar o superfluo tamén vai ser unha das claves para acadar concisión na nosa expresión web. O innecesario nun texto nótase porque a lectura se fai pesada e aburrida. Nesta liña debemos fixarnos para non facer complexas as expresións de xeito innecesario como no seguinte exemplo:

A entidade efectuará a compra de varios solares.
A entidade comprará varios solares.

O **concreto** fronte ao abstracto tamén é elemento esencial para redactar textos concisos na web. Abstraer demasiado nos textos que presentamos na web acostuma a **confundir e molestar ás persoas lectoras**, mesmo podemos transmitir a sensación de que a persoa que escribe non domina o tema. O mellor é usar palabras coñecidas, utilizar dicionarios de sinónimos e sinalar cara á acción.

Visualizar o texto

O obxectivo é que as persoas que lean o texto web o comprendan nunha primeira lectura, é por iso que unha distribución idónea vai axudar a que o noso texto sexa asimilado do mellor xeito posible. Para isto o mellor é escribir **as frases e palabras de interese na primeira liña** e ir colocando palabras relevantes que ordenen o texto.
Tamén é importante cumprir coa regra: **unha idea, un parágrafo**, para colocalas seguindo a pirámide invertida, ou sexa sempre poremos máis arriba o máis importante.

Un texto optimizado para a lectura é fundamental non só para coidar a presenza en pantalla senón polo feito de conseguir unha eficiencia de entendemento coa persoa lectora. Un **texto ben distribuído** se le rápido e compréndese mellor.

Aliñado horizontal
É recomendable que calquera parágrafo de texto comece a unha distancia da marxe esquerda da páxina situada entre os 300 e 600 px. Estas cifras indícanse a partir dos recentes estudos publicados en Jackob Nielsen's Alertbox, que demostran que a persoa usuaria dedica o 69% do seu tempo a mirar para o lado esquerdo da pantalla.

Ancho do parágrafo
Os parágrafos, por regra xeral, estarán formados por liñas de texto de non máis de 20 palabras en cada liña. Algúns autores axustan aínda máis esta cifra, nalgúns casos a referencia son 12 palabras. En conclusión, optimizar o ancho da páxina significa un incremento na lexibilidade do texto.

Tamaño da fonte
Por regra xeral é recomendable usar un tamaño de fonte igual ou superior a 10 px, porén é apropiado utilizar tamaños de fonte de 14 px se o público obxectivo supera os 40 anos de idade.
Outros elementos relevantes para acadar unha boa distribución do texto, tales como tipografía e interliñado, xa foron citados noutros apartados. De todas as maneiras, a boa distribución do texto relaciónase con moitas das claves que aparecen e aparecerán ao longo do curso.